



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DEZAOITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 18 de setembro de 2024, ás 13:15 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

### ASISTENTES

Presidente  
José Manuel Mato Martínez

### CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Constantino Fernández Vila  
Juan Ramón Vidal Torrado

### CONCELLEIROS/AS AUSENTES

María Josefa Álvarez Bugallo  
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

### 1 Aprobación da acta da sesión do 14 de agosto de 2024

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a acta da sesión do 14 de agosto de 2024.

### 2 Expediente 2023/U022/000030. Licenza de edificación para o reforzo da cimentación da vivenda unifamiliar na avda. Eduardo Pondal núm. 47 (Referencia catastral 8679423NH0887N0001PX)

O alcalde le a proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2023/U022/000030

ASUNTO: Solicitud de licenza de reforzo de cimentación de vivenda unifamiliar

SOLICITANTE: XXXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: \*\*\*2113\*\*.

INTERESADO: XXXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: \*\*\*7996\*\*.

SITUACIÓN: Avenida Eduardo Pondal, 47. 15110 Ponteceso

Coordenadas UTM (ETRS89): huso 29, X:508.430 M. Y: 4.787.775 m

Referencia catastral. 8679423NH0887N0001PX



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## I.- ANTECEDENTES

### 1. 14/12/2023.

Solicitude de licenza municipal para reforzo de cimentación de vivenda unifamiliar, coa seguinte documentación:

- o Acreditación de representación a favor de XXXXXXXXXXXXX.
- o Proxecto básico e de execución visado (n.º 2306301,3) de reforzo de cimentación de vivenda unifamiliar; do arquitecto Miguel Ángel Abad Blanco, colexiado n.º 1877 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).
- o Oficio visado da dirección da obra: Miguel Ángel Abad Blanco, arquitecto colexiado n.º 1877 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).
- o Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

### 2. 03/01/2024

- Solicitude autorización a Augas de Galicia para realizar obras no dominio público hidráulico ou na zona de policía de leitos
- Solicitude de autorización ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas para a realizar obras nas zonas de protección de estadas de titularidade da Comunidade Autónoma
- Documentación complementaria que presenta a persoa que solicita a licenza:
  - o Xustificante de presentación de solicitude de autorización de obras ou traballos no dominio público hidráulico ou zona de policía de leitos (modelo AU113A), ante a Entidade Pública Empresarial de Augas de Galicia (Xunta de Galicia).
  - o Xustificante de presentación de solicitude de autorización para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade, así como os cambios de uso, na zona de dominio público viario e/ou nas zonas de protección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia (modelo IF204A), ante o Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (Xunta de Galicia).

### 3. 23.01.2024

- O enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, e Óscar Seoane Centeno, arquitecto colexiado núm. 4680 do COAG, como servizo externo, informan que o expediente non está completo e que deben constar no expediente documentación complementaria e as modificacións, xustificacións ou correccións necesarias para poder continuar coa tramitación do expediente.
- O solicitante da licenza achega a seguinte documentación complementaria:
  - o Acreditación de representación a favor de XXXXXXXXXXXXX.
  - o Oficio da Dirección de execución da obra a cargo de Plácido Celestino Vidal Allo, arquitecto técnico colexiado n.º 2335 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

- o Oficio de coordinación en materia de seguridade e saúde a cargo de Plácido Celestino Vidal Allo, arquitecto técnico colexiado n.º 2335 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).

#### 4. 25/01/2024

- A persoa que solicita a licenza presenta a seguinte documentación complementaria:
  - o Xustificante do pago das taxas por outorgar a licenza.
  - o Datos de identificación da persoa física solicitante: DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa solicitante e da representante.
  - o Oferta técnico-económica da obra que se vai executar, da empresa Geosec España S.L.

#### 5. 31/01/2024

- A persoa que solicita a licenza presenta a seguinte documentación complementaria:
  - o Informe da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, no que indica que a obra que se pretende executar non precisa da súa autorización.

#### 6. 09/04/2024

- O enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, e Óscar Seoane Centeno, arquitecto colexiado núm. 4680 do COAG, como servizo externo informan que o expediente non está completo e solicítaselle á persoa interesada a documentación que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba achegar para poder continuar coa tramitación do expediente:

“A parcela en cuestión está clasificada como Solo Urbano SU-3 (edificación agrupada), tipoloxía a (bloque lineal entre medianeira); regulado na ordenanza específica disposta no artigo 6.2.3 do PXOM.

Dado que o rego de Ponteceso discorre ao noroeste da parcela, o plano de ordenación EX-11 do PXOM reflexa que a zona de policía de leitos abrangue unha franxa de 100 metros dende o leito do rego mencionado. Por situarse dentro da zona de policía de leitos, zona de fluxo preferente, e zona inundable (T500 e T100); e segundo o disposto no artigo 9.4 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, as obras para as que se solicita licenza precisarán de autorización administrativa previa do organismo de conca.

O plano OD-01-P (ordenación detallada de área urbana) do PXOM non mostra a zona de afección da estrada autonómica AC-419 (Buño AC-418 – Ponteceso AC-429), porque o artigo 38.4 da Lei de estradas de Galicia (Lei 8/2013, do 28 de xuño) dispón que nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación; polo que, neste caso, non será necesario obter a correspondente autorización previa da administración titular da estrada.

Para evitar o asentamento e o desprazamento da estrutura da edificación, proxéctase o reforzo da súa cimentación mediante un novo sistema de micropilotes; mediante o que se



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

transferirán as forzas da cimentación ata a profundidade necesaria. As actuais estruturas portante e horizontal da edificación considéranse axeitadas para os traballos proxectados, polo que non será necesario alterar a estrutura existente. Do mesmo xeito, tampouco será necesario intervir sobre a superficie ou o volume construídos, as carpinterías, as fachadas ou a cuberta; polo que os parámetros urbanísticos non sufrirán alteracións.

Preténdese conservar o uso residencial, que é o uso global na clase de solo en cuestión. Entón, o uso pretendido é admisible.

A solución proxectada cumpre as condicións de uso (artigo 4.2.1 do PXOM).

A solución proxectada cumpre as normas reguladoras das edificacións da ordenanza SU-3.

A documentación que se require para completar a solicitude das obras de consolidación que se pretenden está enumerada no apartado C da sección 1.2 do anexo 1 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa (publicada no B.O.P. n.º 198, do 16 de outubro de 2014).

O expediente do procedemento de solicitude de licenza ordinaria iniciado é axeitado, pero non está completo; polo que non se pode informar favorablemente ata que se achegue a seguinte documentación:

1. Autorizacións sectoriais previas preceptivas (neste caso, Augas de Galicia).
2. Nomeamento do contratista e xustificación de alta para os efectos do imposto de actividades económicas.

Foi presentada unha oferta técnico-económica da empresa Geosec España S.L.; pero aínda non consta o nomeamento desta ou doutra empresa para executar a obra, nin o seu xustificante de alta para os efectos do IAE.

Segundo o artigo 7º da Ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) (publicada no B.O.P. n.º 48, do 27 de febreiro de 2008), a obriga de contribuír nace no intre de comezar a construción, instalación ou obra (despois de que sexa concedida a preceptiva licenza municipal). Polo tanto, nese momento deberá achegarse o correspondente xustificante do pago do ICIO. Unha vez rematadas as obras, e trala oportuna comprobación do seu custo real e efectivo, efectuarase a liquidación definitiva; esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte.

Á vista do expediente e da natureza da obra, a documentación técnica presentada está completa e é axeitada.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das taxas polo outorgamento da licenza e do ICIO, o Orzamento de Execución Material (OEM) que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que se corresponde coa obra a executar, ascende a 28.060,12 €. As liquidacións xa realizadas son:

- Taxas municipais (OEM × 0,20 %): 28.060,12 € × 0,20 % = 56,12 €.

Lémbrese que non se poderán iniciar as obras ata que non se conte co preceptivo título habilitante. Neste caso, a licenza ordinaria.

## 7. 03/07/2024

A persoa interesada achega a Resolución de Augas de Galicia, Servicios Centrais, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, na que indica en relación o expediente co núm de Clave: DH.W15.97788, relativa á solicitude de autorización de obras do asunto de referenciana que resolver outorgar a autorización das obras solicitadas.

## 8. 09/07/2024



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

A persoa interesada achega o nomeamento do contratista GEOSEC SL e a xustificación da alta para os efectos do imposto de actividades económicas.

9. 28/08/2024

Xustificante do pago das taxas por outorgar a licenza.

10. 04.09.2024

O enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, informou que o expediente está completo.

11. O expediente púxose en coñecemento de Secretaría o 04.09.2024.

12 Consta no expediente o Informe de Intervención de data 26/08/2024.

Consta no expediente o Informe xurídico de data 11.09/2024.

13 Consideracións legais e técnicas

- Ordenanza Fiscal nº23, reguladora da Taxa polo outorgamento de Licencias Urbanísticas e outros servizos urbanísticos (Publicación definitiva BOP Nº 198 de 16-10-2014
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de Aprobación definitiva no Pleno Municipal do luns, 9 de Marzo de 2015. Publicado no DOG nº 95, o 22 de maio de 2015, e no BOP núm. 99, do 28 de maio de 2015.

A competencia para resolver o expediente corresponde, en base ó disposto no art. 21.1 q) da Lei 7/85 e no artigo 61.1.o) da Lei 5/997, á Alcaldía, que delegou na Xunta de Goberno Local na Resolución núm. 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior; propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Concederlle licenza de obras a XXXXXXXXXXXX, con NIF\*\*\*7996\*\* para reforzar a cimentación de vivenda unifamiliar que está situada na avenida Eduardo Pondal núm. 47, Ponteceso, referencia catastral 8679423NH0887N0001PX, segundo o proxecto Proxecto básico e de execución visado (n.º 2306301,3) de reforzo de cimentación de vivenda unifamiliar; do arquitecto Miguel Ángel Abad Blanco, colexiado n.º 1877 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

**SEGUNDO.-** Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

- a) Particulares, segundo o informe técnico:
  - A propiedade ha de aterse ó indicado para solo de núcleo rural e solo rústico no artigo 3.2.13 do PXOM (condicións de integración e de adaptación ao ambiente). Empregarase



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

as cores sinaladas no “Tomo IX. Chairas e Fosas Occidentais” da Guía de Cores e Materiais de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Xunta de Galicia).

- De ser necesaria a ocupación da zona de dominio público con elementos auxiliares (contedores, andamios, grúas ou calquera outro tipo de montaxe) para a realización dos traballos, o promotor/construtor terá que solicitar a autorización de ocupación de vía pública ante o Concello.
- O construtor terá que solicitar a colaboración e coordinación coa policía local cara a adecuada sinalización do ámbito e a organización do espazo a ocupar da vía pública, a fin de cumprir en todo momento a normativa vixente de tráfico e de prevención de riscos, así como a de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables das mesmas (promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras).
- Se o director da obra ou o director da execución da obra deixan de actuar nela, a propiedade debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal, e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentarse a correspondente solicitude de licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 142.2.g da Lei do solo de Galicia).
- Unha vez rematadas as construcións, instalacións e obras, terase que aboar a taxa por primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral, prevista no artigo 2.2.u) da Ordenanza Fiscal n.º 23. A base impositiva a efectos da súa liquidación estará constituída polo custe final, efectivo e real das construcións, instalacións e obras; que os suxeitos pasivos farán constar na declaración de deben presentar; de conformidade co previsto no artigo 8.6 da Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Ademais:

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto, e de acordo co establecido no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro; de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado, non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- É necesario adoptar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de seguridade e saúde. As obras adaptaranse ao disposto no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Para os efectos de cumprir coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das taxas polo outorgamento da licenza e do ICIO, o orzamento de execución material (OEM) que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que se corresponde coa obra a executar, ascende a 28.060,12 €. As liquidacións xa realizadas son:

- Taxas municipais (OEM  $\times$  0,20 %):  $28.060,12 \text{ €} \times 0,20 \% = 56,12 \text{ €}$ .
- ICIO (OEM  $\times$  4,00 %):  $28.060,12 \text{ €} \times 4,00 \% = 1.122,40 \text{ €}$ .

Lémbrese que a administración municipal poderá supervisar os traballos, a fin de comprobar a realidade do alcance dos mesmos.

b) Condicións xenéricas:

- a) Lémbrese a necesidade de levar a cabo un axeitado tratamento dos residuos xerados polos mesmos.
- b) Comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde.
- c) A licenza de obras outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, os dereitos de terceiros e o que sexa competencia doutros organismos.
- d) Antes do comezo dos traballos deberá nomear director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde, debidamente visados polo colexio profesional correspondente, e comunícalo ao concello.
- e) As obras axustaranse á documentación presentada e no curso da súa execución adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo.
- f) Previo ao comezo das obras levantarase a acta de reformulo polos técnicos municipais.
- g) O solicitante deberá poñerse en contacto cos titulares dos servizos urbanos que poidan resultar afectados para localizalos e evitar posibles roturas ou accidentes.
- h) Os servizos correspondentes ás conexións ás redes municipais de saneamento, auga potable e rede eléctrica, serán pola conta do promotor, e tamén serán á súa conta os gastos que poida ocasionar pola execución das obras nos pavimentos dos viais e beirarrúas públicas.
- i) Comunicarase á Policía Local antes do inicio, e coa antelación suficiente, dos posibles cortes de tráfico e tomaranse todas as medidas de protección necesarias para asegurar aos viandantes e vehículos coa correspondente sinalización, e cumpriranse as súas instrucións.
- k) Deberase dar cumprimento ao Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- l) Tomaranse todas as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e vehículos e dar cumprimento ao Real decreto 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. BOE nº 127, de 29 de maio.
- m) O prazo para o inicio das obras non poderá exceder dos seis meses e o de remate dos tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non se poderán interromper as obras por tempo superior a seis meses.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

n) Nas obras maiores será indispensable a colocación dun cartel indicador no que faga constar: Número de expediente, data do acordo da concesión da licenza, nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, prazo de execución das obras e o número de plantas autorizadas.

ñ) Ao remate das obras deberá presentar no concello o certificado final de obra expedido polo director de obra.

**TERCEIRO.-** Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo Urbano SU-3 (edificación agrupada), tipoloxía a (bloque lineal entre medianeira); regulado na ordenanza específica disposta no artigo 6.2.3 do PXOM.

a) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: para reforzar a cimentación de vivenda unifamiliar que está situada na avenida Eduardo Pondal núm. 47, Ponteceso, referencia catastral 8679423NH0887N0001PX

b) Orzamento de execución material **28.060,12 €**.

c) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito: avenida Eduardo Pondal núm. 47, Ponteceso, coordenadas UTM (ETRS89): huso 29, X: 508.430 M; Y: 4.787.775 M, referencia catastral 8679423NH0887N0001PX

d) Nome ou razón social da persoa promotora: XXXXXXXXXXXXXXX, con NIF \*\*\*7996\*\*

e) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde:

Miguel Ángel Abad Blanco, colexiado n.º 1877 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

Director de execución: Plácido Celestino Vidal Allo, arquitecto técnico colexiado n.º 2335 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).

Coordinador en materia de seguridade e saúde a cargo de Plácido Celestino Vidal Allo, arquitecto técnico colexiado n.º 2335 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).

f) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.

Prazo para a terminación da obra: .....36 meses.

**CUARTO.-** Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por dous votos do PP a favor e unha abstención do PG.

## **2 Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións**

Non hai asuntos.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 13:20 h e eu redacto esta acta como secretaria.

\*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.